

NOTA DE PRENSA

O terrorismo e a crise centran a vindeira acción formativa do Colexio de Psicoloxía

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2017 - Mañá venres 10 e sábado 11 de novembro, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, a través da Sección de Psicoloxía Xurídica, organiza un curso no que se tratará de dar unha perspectiva psicolóxica e xurídica do terrorismo, que rematará cunha terceira sesión o 16 de decembro. Esta actividade terá lugar na sede do COPG, en Santiago de Compostela, e está dirixida tanto a psicólogos e psicólogas como a estudantado do grao de Psicoloxía.

Nas últimas décadas o terrorismo global converteuse nun dos principais temores da sociedade internacional, a través da ameaza xihadista. Este fenómeno é un dos máis difíciles de conter, debido á súa rápida proliferación ao longo do planeta, sen atender a fronteiras de calquera natureza. A través desta formación pretende difundirse os coñecementos, as ferramentas e as aptitudes cos que entender mellor as circunstancias que engloban esta temática, a través dunha metodoloxía participativa.

Ana del Valle Couto, licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela e en Criminoloxía pola Universidade de Barcelona, será a docente de mañá venres, na que reflexionará sobre o concepto do terrorismo e especificamente, do xihadista, analizando aspectos político-relixiosos, económicos e motivacionais.

O sábado 11 de novembro, a docencia correrá por conta do psicólogo Francisco Duque Colino, especialista en Psicoloxía Clínica no Hospital General Universitario Gregorio Marañón e experto en intervención en crise, especialmente en trauma agudo e vítimas de feitos violentos. Duque foi o coordinador do dispositivo de atención psicolóxica organizado tras os atentados do 11 de marzo en Madrid no Hospital Gregorio Marañón, que atendeu o maior número de feridos e familiares. O seu bloque estará centrado nas vítimas do terrorismo e o impacto psicolóxico deste suceso traumático.

Na derradeira sesión, o sábado 16 de decembro, Javier Martín Peña ofrecerá unha análise psicosocial e criminolóxica da violencia terrorista. Martín Peña conta cun European PhD (Tese doutoral con Mención Europea, por compendio de publicacións) en Psicoloxía Social. Actualmente é profesor contratado doutor na Facultade de Ciencias Sociais e Traballo, no departamento de Psicoloxía e Socioloxía, na Área de Psicoloxía Social da Universidad de Zaragoza.

Saúdos,

Se desexas ampliar a información, podes contactar co Departamento de comunicación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns:
981 534 049 / 699 908 968 / comunicacion@copgalicia.gal